

I. DATOS XERAIS DA MATERIA

a) Nome oficial.	Historia Económica Mundial
b) Titulación.	ADE
c) Créditos	6 (Teóricos 4.5; Prácticos 1.5)
d) Curso.	Primeiro
e) Código da materia.	611211106
f) Tipo.	Obrigatoria
g) Impartición.	Primeiro Cuatrimestre
h) Departamento/s responsable/s.	Economía Aplicada I
i) Profesor/a coordinador/responsable da docencia	Elvira Lindoso Tato Jesús Mirás Araujo

Información por grupo (A;B;C;D)

1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

Elvira Lindoso Tato (B, C, D)

Jesús Mirás Araujo (A, D)

2) Lugar e horario de titorías

Elvira Lindoso Tato:

Facultade de CC. Económicas. Andar 3ª. Despacho 315.

Luns de 9:30 a 11:30

Martes de 10:30 a 11:30

Mércores de 10:30 a 12:30

Venres de 10:30 a 11:30

Jesús Mirás Araujo:

Facultade de CC. Económicas. Andar 3ª. Despacho 315.

Luns 11:30 a 12:30

Martes 8:30 a 11:30

Mércores 9:30 a 11:30

3) E-mail

Elvira Lindoso Tato: elviralt@udc.es

Jesús Mirás Araujo: jmiras@udc.es

4) Universidade Virtual

5) Lingua na que se impartirá a docencia

Castelán, galego

II. OBXECTIVOS DA MATERIA

Esta materia pretende como obxectivo primordial o coñecemento das transformacións económicas que conduciron ao mundo contemporáneo á situación actual. Partindo da preponderancia europea e occidental na economía mundial, buscamos as bases dese liderado, sen facer táboa rasa do resto do mundo. Desenvolvemos o temario baixo unha dobre perspectiva, espacial e cronolóxica: a do impacto da expansión europea no resto do mundo nos séculos modernos, as consecuencias da industrialización europea na economía internacional no século XIX e, finalmente, as tensións dun século de globalización, o XX. Pese ao contido xeneralista da materia, prestarase especial atención á análise da evolución da empresa nos dous últimos séculos, e ao estudo das relacións entre a empresa e o crecemento económico.

Con estes contidos pretendemos acadar uns poucos obxectivos básicos:

- Contextualizar historicamente os procesos económicos
- Asimilar que as realidades económicas son complexas, interrelacionadas con variables sociais, políticas e culturais, e inmersas nun contexto dinámico
- As vicisitudes económicas do presente non son independentes das circunstancias pasadas. Polo tanto, a perspectiva histórica conta para a análise do economista
- Coñecer os mecanismos do medro económico
- Axudar a entender as orixes e persistencia das desigualdades socioeconómicas entre países
- Análise da evolución da empresa na época contemporánea
- Estudo das relacións entre a empresa e o crecemento económico
- Potenciar o emprego de métodos cuantitativos que impliquen o uso de material estatístico e gráfico

III. METODOLOXÍA

O curso de **Historia Económica Mundial** constará de dúas partes: (a) as **clases teóricas**, que consistirán fundamentalmente no desenvolvemento do programa da asignatura e (b) as **clases prácticas**, que comprenderán a análise de diverso material cuantitativo, gráfico e documental referente aos temas do programa. Para as devanditas clases prácticas empregárase, ademais doutros materiais, a seguinte obra: *Guía práctica de Historia Económica Mundial*, Barcelona, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Barcelona, 1997.

Finalmente, no apartado de Recomendacións, especificanse os textos de **lectura obrigatoria**, que en unión das clases teóricas e prácticas, constitúen o material imprescindible para o desenvolvemento desta materia, e que serán obxecto de exame tamén. E, a maiores, incorpórase un conxunto de bibliografía recomendada que completa á de lectura obrigada, así como algunhas das obras básicas e manuais de consulta máis útiles.

A información actualizada referente á materia pode consultarse en:

<http://www.udc.es/dep/ecoapli1/assignaturas.html>

IV. AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

Para aprobar a materia será preciso superar os distintos exercicios e actividades realizados ao longo do curso, e un exame final no que se valorarán os contidos do programa, incluíndo as lecturas obrigatorias e as labores desenvolvidas nas clases prácticas.

Estes criterios de avaliación responderán ás seguintes pautas xerais:

- Participación activa nas aulas
- Capacidade de expresión, oral e escrita
- Manexo e dominio do vocabulario específico da materia
- Capacidade analítica e sintética
- Capacidade de procura, selección e elaboración de información
- Capacidade de traballo en grupo
- Coñecemento dos contidos do programa, concretados ao través dos obxectivos e conceptos fundamentais sinalados en cada tema
- Capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación do material estatístico, gráfico e documental
- Destreza na aplicación de técnicas cuantitativas para o tratamento de repertorios estatísticos

V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS

BLOQUE I. A ECONOMÍA MUNDIAL ANTE A EXPANSIÓN EUROPEA: SÉCULOS XVI-XVIII

TEMA 1 AS ECONOMÍAS EUROPEAS PREINDUSTRIAIS

1. A base agraria das economías europeas
 - 1.1 A dinámica poboación-recursos
 - 1.2 Os condicionamentos da agricultura tradicional
 - 1.3 Formas de distribución: renda feudal e renda da terra
2. A recuperación do comercio e a vida urbana
 - 2.1. A interacción campo-cidade
 - 2.2. A expansión europea
 - 2.3. A reestructuración da industria e a evolución da agricultura tradicional

3. A transición do feudalismo ao capitalismo
 - 3.1. A crise do sistema feudal
 - 3.2. Monarquías absolutas, fiscalidade e mercantilismo. Os primeiros pasos do liberalismo
4. A empresa preindustrial

BLOQUE II: A ECONOMÍA MUNDIAL ANTE A INDUSTRIALIZACIÓN EUROPEA: O LONGO SÉCULO XIX

TEMA 2

A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E O CRECEMENTO ECONÓMICO MODERNO

1. A capacidade de transformación da economía británica
 - 1.1 A condicións xerais desde o punto de vista da oferta e da demanda
 - 1.2 A evolución demográfica
 - 1.3 As transformacións na agricultura
2. As transformacións técnicas e organizativas
 - 2.1 Os “vellos-novos” sectores
 - 2.2 O sistema fabril
 - 2.3 O papel do cambio tecnolóxico
 - 2.4 O factor traballo e a emerxencia da clase obreira
 - 2.5 A xénese da empresa moderna e o desenvolvemento do sistema financeiro
3. O estímulo da demanda
 - 3.1 Comercio exterior e demanda interior
 - 3.2 O mercado para a siderurxia e os téxtiles
 - 3.3 A xeración de excedentes alimentarios
 - 3.4 Un crecemento lento e desigual
4. O crecemento económico moderno
 - 4.1 A transición demográfica
 - 4.2 Incidencia da revolución industrial sobre a agricultura
 - 4.3 A intensificación da revolución tecnolóxica
 - 4.4 O marco institucional, o estado e as formas de propiedade
 - 4.5 Os aspectos sociais e o debate sobre os niveis de vida
 - 4.6 ¿Por qué en Europa e non en Asia? O milagre europeo

TEMA 3

A DIFUSIÓN DA INDUSTRIALIZACIÓN

1. Tipoloxías da industrialización
2. A segunda revolución industrial no proceso de industrialización europeo
 - 2.1 Os novos procesos técnicos e a súa difusión
 - 2.2 A organización da produción e os sistemas de comercialización
 - 2.3 Os cambios estruturais
3. O crecemento europeo, diversidade de pautas
 - 3.1 Gran Bretaña: plenitude e climaterio
 - 3.2 Un contraste: o mito do fracaso francés e a expansión alemana
 - 3.3 A industrialización dos países-rexión
 - 3.4 Italia: O cambio de ritmo dun país atrasado
4. O proceso de industrialización fóra de Europa
 - 4.1 O nacemento dunha grande potencia industrial, Estados Unidos
 - 4.2 Xapón, un país atrasado e a primeira nación non occidental en industrializarse
 - 4.3 Traxectorias diverxentes: Canadá, Australia e Nova Zelandia fronte á Argentina, Chile e o Uruguai
5. Concentración empresarial e primeira ruptura industrial

TEMA 4

A ECONOMÍA INTERNACIONAL NO SÉCULO XIX

1. O comercio internacional
 - 1.1 A política comercial no século XIX
 - 1.2 O comercio exterior até 1914
 - 1.3 Os efectos do comercio e a depresión finisecular
2. Os movementos internacionais de factores
 - 2.1 A emigración europea
 - 2.2 As exportacións de capital
3. O sistema monetario internacional
 - 3.1 O problema da moeda e os medios de pago
 - 3.2 O funcionamento do patrón ouro
4. Os países do Terceiro Mundo e o Imperialismo
 - 4.1 A impermeabilidade do Terceiro Mundo aos avances europeos
 - 4.2 Os panoramas rexionais: Latinoamérica, África e a difícil resposta de Asia á presión occidental
 - 4.3 As consecuencias da colonización para ambas partes: un balance

BLOQUE III. A ERA DA GLOBALIZACIÓN: O CURTO SÉCULO XX

TEMA 5
CRISE E TRANSFORMACIÓN DAS ECONOMÍAS CAPITALISTAS NO PERÍODO
DE ENTREGUERRAS (1914-1939)

1. Factores diferenciais do crecemento económico do século XX
 - 1.1. A culminación da revolución demográfica
 - 1.2. O papel motor do progreso tecnolóxico
 - 1.3. A decadencia da agricultura
 - 1.4. Industrialización e desindustrialización
 - 1.5. O auxe da grande empresa industrial e a diversificación dos servizos
2. A Primeira Guerra Mundial e a fin dun orden económico liberal
 - 2.1. O legado da guerra
 - 2.2. Os problemas da reconstrución
 - 2.3. Crecemento e inestabilidade da economía internacional nos anos vinte
3. A crise dos anos trinta
 - 3.1. A Grande depresión de 1929 nos Estados Unidos
 - 3.2. A crise foi mundial
 - 3.3. As estratexias ante a crise e as vías de recuperación
4. A formación dunha economía de planificación centralizada na URSS, 1917-1941
 - 4.1. O impacto da revolución de 1917
 - 4.2. O comunismo de guerra, 1918-1921
 - 4.3. A Nova Política Económica (NEP), 1921-1928
 - 4.4. A industrialización acelerada, a colectivización agraria e a planificación centralizada, 1929-1941

TEMA 6
A ÉPOCA DOURADA DO CAPITALISMO, A FIN DA EXPANSIÓN E A VOLTA Á TENDENCIA HISTÓRICA (1939-2000)

1. A guerra. O Acordo de Bretton Woods e a súa influencia relativa
 - 1.1 A Segunda Guerra Mundial e as súas consecuencias
 - 1.2 Antecedentes e marco internacional do Acordo
2. O éxito da segunda reconstrución (1945-1958)
 - 2.1 A loita contra a inflación, a escaseza de dólares e a axuda a Europa: recuperación antes que estabilidade
 - 2.2 O novo marco institucional e o desafío monetario: a busca da estabilidade
3. A idade de ouro
 - 3.1 Crecemento e cambio estrutural: os factores da oferta e o tirón da demanda
 - 3.2 A industria e as transformacións dos servizos
 - 3.3 As contradicións do patrón ouro-dólar ante a expansión
 - 3.4 As economías socialistas

4. O final da expansión: do círculo virtuoso ao círculo vicioso (1973-1985)
 - 4.1 Da recesión á estanflación
 - 4.2 A desorde monetaria e o patrón dólar: Estados Unidos traspasa a carga do axuste ao resto do mundo
 - 4.3 A crise das políticas do Estado do Benestar: axuste monetario e economía de oferta

5. A volta á tendencia histórica: as décadas dos oitenta e os noventa
 - 5.1 As consecuencias internacionais do xiro liberal da política norteamericana
 - 5.2 Cara un marco de concertación na segunda metade dos oitenta: desregularización e globalización
 - 5.3 Implicacións da crise da débeda do Terceiro Mundo
 - 5.4 A crise do bloque soviético
 - 5.5 As diverxencias nos países desenvolvidos nos noventa
 - 5.6 A persistencia de fortes desequilibrios na economía internacional no cambio de século

6. Continuidade e cambio na empresa moderna

VI. RECOMENDACIÓN

VII. FONTES DE INFORMACIÓN

LECTURAS OBRIGATORIAS:

- CAMERON, R. (2000): *Historia económica mundial. Desde el Paleolítico hasta el presente*, Madrid, Alianza Editorial, pp. 299-323.
- DI VITTORIO, A. (coord.) (2003): *Historia económica de Europa: siglos XV-XX*, Barcelona, Crítica, pp. 230-242, 246-252, 288-299, 369-381 y 392-413.
- KRIEDTE, P. (1994): *Feudalismo tardío y capital mercantil*, Barcelona, Crítica, pp. 9-28.
- VRIES, J. de (1992): *La economía de Europa en un período de crisis, 1600-1750*, Madrid, Cátedra, pp. 49-59, 95-97 y 114-120.
- WEE, H. van der (1986): *Prosperidad y crisis. Reconstrucción, crecimiento y cambio, 1945-1980*, Barcelona, Crítica, pp. 44-61.

LECTURAS RECOMENDADAS:

- ALDCROFT, D.H. (2003): *Historia de la economía europea, 1914-2000*, Barcelona, Crítica (capítulo 2 y capítulos 4 al 10).
- BERG, M. (1987): *La era de las manufacturas, 1700-1820*, Barcelona, Crítica (Introducción, capítulo 1 e conclusión).
- CIPOLLA, C.M. (1989): *Historia económica de la Europa preindustrial*, Madrid, Alianza (cap. 5).
- CIPOLLA, C.M. (1991): *Entre Historia y Economía. Introducción a la Historia económica*, Barcelona, Crítica (capítulo 1).
- EICHENGREEN, B. (2000): *La globalización del capital. Historia del sistema monetario*

internacional, Barcelona, A. Bosch, pp. 21-45, y capítulos 4 y 5.

HOBBSAWM, E.J. (1988): *Industria e imperio. Una Historia económica de Gran Bretaña desde 1750*, Barcelona, Ariel (capítulo 4).

KENWOOD, A.G. e A.L. LOUGHEED (1991): *Historia del desarrollo económico internacional*, Madrid, Istmo, vol. 1 (capítulos 2, 5 e 7).

LANDES, D. (1979): *Progreso tecnológico y revolución industrial*, Madrid, Tecnos (capítulos 2 y 5).

LEWIS, W.A. (1983): *Crecimiento y fluctuaciones, 1870-1913*, Méjico, FCE (capítulos 5 e 8).

MORILLA, J. (1988): *La crisis económica de 1929*, Madrid, Pirámide (capítulo 5).

PALAZUELOS, E. (1990): *La formación del sistema económico de la Unión Soviética*, Madrid, Akal (capítulos 5, 6, 11 e 12).

RULE, J. (1990): *Clase obrera e industrialización. Historia social de la revolución industrial británica, 1750-1850*, Barcelona, Crítica (capítulo 1).

OBRAS DE CARÁCTER XERAL E MANUAIS:

ALDCROFT, D.H. (2003): *Historia de la economía europea, 1914-2000*, Barcelona, Crítica.

CAMERON, R. (2000): *Historia económica mundial. Desde el Paleolítico hasta el presente*, Madrid, Alianza Editorial.

COMÍN, F., HERNÁNDEZ, M. y LLOPIS, E. (eds.) (2005), *Historia económica mundial, siglos X-XX*, Barcelona, Crítica.

DI VITTORIO, A. (coord.) (2003): *Historia económica de Europa: siglos XV-XX*, Barcelona, Crítica.

FOREMAN-PECK, J. (1995): *Historia de la economía mundial. Las relaciones económicas internacionales desde 1850*, Madrid, Prentice Hall.

KENWOOD, A.G. e A.L. LOUGHEED (1991): *Historia del desarrollo económico internacional*, Madrid, Istmo, vol. 1.

KRIEDTE, P. (1994): *Feudalismo tardío y capital mercantil*, Barcelona, Crítica.

OCAMPO SUÁREZ-VALDÉS, J. (1998): *Historia económica mundial y de España*, Oviedo, Universidad de Oviedo.

PALAFIX, J. (coord.) (1998): *Curso de historia económica*, Valencia, Tirante lo Blanch.

VRIES, J. de (1992): *La economía de Europa en un período de crisis, 1600-1750*, Madrid, Cátedra.

ZAMAGNI, V. (2001): *Historia económica de la Europa contemporánea: de la revolución industrial a la integración europea*, Barcelona, Crítica.